# ID#17

Visantoña – Mesía, 1982
**Informante**: Manuela Candal Martín
**Compilador**: Baldomero Iglesias
**Transcrición**: Sergio de la Ossa, rev. B. Iglesias

*[...]herba*
*que eí ven o vento, Maruxa,*
*toda cha leva.*
*Toda cha leva,*
*lévacha toda,*
*Ai, Maruxiña, Maruxa,*
*non sexas tola.*

1. A saia de Carolina
ten un lagharto pintado
cando Carolina baila
o lagharto dálle ao rabo.

2. Alghún día non quixeches
recibi-los meus amores,
ahora colle codesos
que os hai nos arredores.

*Ai, Maruxiña,*
*non vaias á herba*
*que eí ven o vento, Maruxa,*
*toda cha leva.*
*Toda cha leva,*
*lévacha toda.*
*Ai, Maruxiña, Maruxa,*
*non sexas tola.*

3. O paxaro cando chove
mete o rabo na silveira,
así fai a boa nena
cando non ten quen a queira.

*Audio de procedencia:* MPG_IgBa_0015_043_en_0_41_38_id17